

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CLARINETE

---

**CURSO 2022/23**

**DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA  
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CARBALLIÑO**

# ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN .....	3
2.	METODOLOXÍA .....	3
3.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	4
4.	TEMAS TRANSVERSAIS .....	5
4.1	EDUCACIÓN EN VALORES .....	5
4.2	TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's) .....	5
5.	ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS .....	6
6.	OBXECTIVOS XERAIS POR GRAOS .....	6
6.1	GRAO ELEMENTAL .....	6
6.2	GRAO PROFESIONAL .....	6
7.	CONTIDOS XERAIS POR GRAOS .....	7
7.1	GRAO ELEMENTAL .....	7
7.2	GRAO PROFESIONAL .....	7
8.	SISTEMA DE AVALIACIÓN .....	8
9.	GRAO ELEMENTAL .....	8
9.1	CURSO PRIMEIRO .....	8
9.2	CURSO SEGUNDO .....	10
9.3	CURSO TERCEIRO .....	12
9.4	CURSO CUARTO .....	14
10.	GRAO PROFESIONAL .....	16
10.1	CURSO PRIMEIRO .....	16
10.2	CURSO SEGUNDO .....	17
10.3	CURSO TERCEIRO .....	19
10.4	CURSO CUARTO .....	21
10.5	CURSO QUINTO .....	23
10.6	CURSO SEXTO .....	25
11.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	27
12.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO .....	27

## 1. INTRODUCCIÓN

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

## 2. METODOLOXÍA

A clase semanal cun só alumno permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto en rendemento como na progresión no seu estudo. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do alumno.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos alumnos dos cursos máis avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicárase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual tanto en aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que trátase de formar una conciencia da importancia da mesma é da necesidade de previsión xa que a montaxe, desmontaxe e transporte do instrumento require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no alumno. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante a materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do alumnado é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas máis eficientes a aplicar en cada alumno. Diversos factores (idade, falta de información nas familias, etc.) poden facer que a continuidade a medio-largo prazo nos estudos musicais non estea totalmente definida. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación.

O contacto coas familias dos alumnos será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do alumno.

### 3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do materiais didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.
- A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

## 4. TEMAS TRANSVERSAIS

### 4.1 EDUCACIÓN EN VALORES

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

### 4.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a prior poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (vídeo cámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc.) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## 5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Os alumnos participarán nas audicións no caso de que o profesor o considere oportuno.

## 6. OBXECTIVOS XERAIS POR GRAOS

### 6.1 GRAO ELEMENTAL

Coñecer a montaxe, mantemento e limpeza do clarinete.  
Adquirir as bases dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.  
Adaptar unha correcta posición corporal e do instrumento.  
Conseguir un son estable e equilibrado nos sons que abarcan do *Mi<sub>2</sub>* ata o *Fa<sub>5</sub>*.  
Perfeccionar o sentido da afinación e musicalidade na interpretación individual e en grupo.  
Adquirir unha técnica básica para que o clarinete se converta no seu medio de expresión.  
Dominar escalas maiores e menores, naturais e harmónicas de todas as tonalidades.  
Interpretar textos musicais con corrección, perfeccionando aspectos básicos como: emisión, fraseo, afinación a través dunha análise formal.  
Desenvolver hábitos de estudo, utilizando as técnicas traballadas e a capacidade de autocontrol e autocrítica.  
Adquirir criterios de valoración e ser esixentes no seu propio traballo.

### 6.2 GRAO PROFESIONAL

Dominar escalas, arpexos e terceiras das tonalidades maiores e menores.  
Conseguir un son estable e equilibrado en todos os rexistros do clarinete.  
Dominar os aspectos técnicos para conseguir unha interpretación correcta.  
Conseguir un son estable e equilibrado nos sons que abarcan do *Mi<sub>2</sub>* ata o *Do<sub>6</sub>*.  
Demostrar unha autonomía e sensibilidade auditiva para resolver cuestións relacionadas coa interpretación; como a dixitación, o fraseo, a articulación e a afinación.  
Interpretar correctamente un repertorio extenso e variado con criterio persoal.  
Ter uns hábitos de traballo que inclúan o método, a constancia, a valoración do esforzo e a autocrítica.  
Dominar a lectura a primeira vista e a memorización.  
Demostrar interese e capacidade de superación.  
Participar nas manifestacións musicais relacionadas co seu instrumento.  
Interpretar en público, con calidade artística e capacidade comunicativa.

## 7. CONTIDOS XERAIS POR GRAOS

### 7.1 GRAO ELEMENTAL

#### Conceptuais

Coñecemento do clarinete, montaxe, mantemento e limpeza.  
Coñecemento da numeración das chaves.  
Coñecemento da embocadura e da posición do corpo e do instrumento.  
Coñecemento da estrutura das escalas maiores e menores, naturais e harmónicas.  
Estudo das estruturas formais básicas.  
Coñecemento histórico e conceptual do clarinete.

#### Procedimentais

Práctica de escalas, arpexos e terceiras de todas as tonalidades maiores e menores.  
Desenvolvemento da técnica a través de exercicios de mecanismo.  
Perfeccionamento na emisión de sons, a coordinación de aspectos técnicos e distintas articulacións.  
Traballo de estudos específicos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.  
Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos á interpretación.  
Interpretar un repertorio básico, que inclúa obras de épocas e estilos distintos.  
Interpretación en grupo perfeccionando a afinación e a musicalidade.  
Aplicación de criterios e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas que presente o repertorio.

#### Actitudinais

Interese polo estudo do clarinete e da música en xeral.  
Interese polas manifestacións musicais como concertos, cursos, gravacións, etc.  
Inquietude por ampliar o coñecemento sobre o clarinete.

### 7.2 GRAO PROFESIONAL

#### Conceptuais

Coñecemento para solucionar problemas mecánicos do clarinete.  
Coñecemento para adecuar canas.  
Coñecemento conceptual do clarinete e do seu mantemento.  
Coñecemento dalgúns feitos acústicos.  
Coñecemento do repertorio de clarinete na música de cámara.

#### Procedimentais

Práctica de escalas, arpexos, terceiras das tonalidades maiores e menores.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar e perfeccionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Proxección e calidade do son, estabilidade na afinación e control das dinámicas.

Traballo dun repertorio básico que inclúa obras de épocas e estilos diferentes.

Lectura a primeira vista aplicada a repertorio.

Desenvolvemento da memorización.

### **Actitudinais**

Interese polas manifestacións musicais relacionadas coa materia.

Hábito de traballo persoal e autocrítico, e vontade de superación persoal.

## **8. SISTEMA DE AVALIACIÓN**

A avaliación constitúe unha parte moi importante do proceso da ensinanza aprendizaxe, xa que nos permite recoller información e analízala para orientarnos e tomar decisións respecto de tal proceso. Isto supón que o proceso sexa aberto e flexible, é dicir, que admita reaxustes e que os incorpore a fin de obter unha maior rendibilidade do mesmo.

A avaliación dos graos elemental e medio, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos xerais e os do curso. O nivel de cumprimento destes obxectivos, non ha de ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, tendo presente a situación inicial do alumno, as súas características persoais e as súas posibilidades.

A avaliación da aprendizaxe dos alumnos, será continua e integradora, será realizada polo conxunto de profesores do alumno coordinados polo titor, actuando devanditos profesores de xeito integrado ó longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do devandito proceso.

A avaliación levarase a cabo a través das actividades que realicemos na clase.

Controlaremos de preto como responde e evoluciona o alumno ante unha nova aprendizaxe e a súa asimilación. Evidentemente, non soamente teremos en conta aspectos técnicos e mecánicos, senón a súa formación máis completa, desde o punto de vista dos hábitos adquiridos, a musicalidade, o interese e a adaptación ó instrumento.

Cando o alumno obteña a cualificación negativa nunha avaliación, deberá recuperar a materia non superada, antes de comezar coa materia da avaliación seguinte.

## **9. GRAO ELEMENTAL**

### **9.1 CURSO PRIMEIRO**

#### **Obxectivos:**

Coñecer a montaxe, mantemento e limpeza do clarinete.

Adquirir as bases dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.

Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista.

Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.

Adquirir un son estable que abarque dende o *Mi<sub>2</sub>* ata o *Do<sub>5</sub>*

Desenvolver o sentido da afinación a través da práctica da música colectiva.



Iniciar ó alumno na práctica de diferentes articulacións.  
 Interpretar algúns textos musicais empezando a utilizar diferentes dinámicas.  
 Desenvolver no alumno uns hábitos de estudo.  
 Demostrar interese polo estudo do clarinete.

**Contidos:**

*Conceptuais*

Coñecemento da montaxe, mantemento e limpeza do clarinete.  
 Coñecemento da numeración das chaves.  
 Coñecemento da embocadura e da posición do corpo e do instrumento.

*Procedimentais*

Práctica da montaxe, mantemento e limpeza do clarinete.  
 Adquisición dunha correcta posición corporal e do instrumento.  
 Exercicios de respiración con e sen instrumento.  
 Práctica de escalas e intervalos controlando a emisión e a columna do aire.  
 Desenvolvemento da flexibilidade en intervalos e en diferentes articulacións.  
 Desenvolvemento da velocidade en exercicios técnicos.  
 Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas.  
 Práctica da música en grupo coa finalidade de perfeccionar a afinación e o sentido do ritmo.  
 Interpretación de pequenas pezas e estudos.

*Actitudinais*

Interese polo estudo do clarinete.  
 Esfuerzo ante as dificultades da aprendizaxe.

**Recursos:**

*Escuchar, leer & tocar (vol. 1º) ..... Joop Boerstoele – Jaap Kastelein*  
*Play Your Favourite Songs (vol. 1º) ..... Michiel Oldenkamp – Jaap Kastelein*  
*Duett Album (vol. 1º) ..... Jean-François Michel*  
*Die Fröhliche Klarinette (vol. 1º) ..... Rudolf Mauz*  
*La Clarinette Classique (vol. A) ..... J. Lancelot et H. Classens*

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Fa Maior, Sol Maior e Cromática, no rexistro grave*  
*Escuchar, leer & tocar (vol. 1º), da páxina 3 a 17*  
*Play Your Favourite Songs (vol. 1º), da páxina 5 a 8*  
*Duett Album de Michel (vol. 1º), nº 1 e 2*  
*Die Fröhliche Klarinette de Mauz (vol. 1º), nº 1, 2, 3, 4, 5 e 6*

Segunda avaliación:

*Escalas: Do Maior, Fa Maior, Sol Maior e Cromática*  
*Escuchar, leer & tocar (vol. 1º), da páxina 18 a 33*

*Play Your Favourite Songs (vol. 1º), da páxina 9 a 15*  
*Duett Album de Michel (vol. 1º), nº 3, 4 e 5*  
*Die Fröhliche Klarinette de Mauz (vol. 1º), nº 12, 14 e 16*

Terceira avaliación:

*Escalas: Do Maior, Fa Maior, Sol Maior e Cromática*  
*Escuchar, leer & tocar (vol. 1º), da páxina 34 a 51*  
*Play Your Favourite Songs (vol. 1º), da páxina 16 a 23*  
*Duett Album de Michel (vol. 1º), nº 6 e 10*  
*Die Fröhliche Klarinette de Mauz (vol. 1º), nº 17, 19 e 29*  
*La Clarinette Classique (vol. A), nº 1, 2, 3 e 4*

### **Criterios de avaliación:**

*Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese, etc.).*

### **Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

### **Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## **9.2 CURSO SEGUNDO**

### **Obxectivos:**

Perfeccionar a técnica respiratoria, a embocadura e a emisión.  
 Consolidar o referente á posición corporal e do instrumento.  
 Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *Re5*  
 Traballar diferentes tipos de articulacións.  
 Dominar escalas maiores e menores, natural e harmónica ata dúas alteracións, en diferentes alturas e articulacións.  
 Desenvolver o sentido da afinación.  
 Interpretar correctamente segundo o estilo, algúns textos musicais.  
 Adquirir unha técnica de estudo que permita obter un rendemento óptimo.

### **Contidos:**

#### *Conceptuais*

Coñecemento da estrutura das escalas, maior e menor, natural e harmónica.  
 Estudo de estruturas formais básicas.

*Procedimentais*

Perfeccionamento da respiración coa práctica de exercicios.

Práctica de escalas, ata dúas alteracións con diferentes articulacións.

Desenvolvemento da técnica a través de exercicios de mecanismo.

Interpretación de distintos estudos coa finalidade de comprender a súa estrutura musical e o seu estilo.

Práctica da música en grupo para consolidar a afinación e saber adaptarse ó mesmo.

*Actitudinais*

Interese polo estudo do clarinete e da música en xeral.

Adaptarse á práctica da música en grupo.

**Recursos:**

*26 Études Elementaires* ..... Jacques Lancelot  
*Yamaha Clarinet Duets* ..... John Kinyon – John O'Reilly  
*La Clarinette Classique (vol. A)* ..... J. Lancelot et H. Classens  
*The Joy of Clarinet* . ..... Jerome Goldstein – Denes Agay

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Do Maior, la menor, Sol Maior e mi menor*

*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 80 M.M.*

*26 Études Élémentaires de Lancelot, nº 1 e 3*

*Yamaha Clarinet Duets, páxina 18*

*La Clarinette Classique (vol. A), nº 5, 7, 8 e 9*

*The Joy of Clarinet, nº 16, e 32*

Segunda avaliación:

*Escalas: Fa Maior, Sib Maior e sol menor*

*Escala cromática*

*26 Études Elementaires de Lancelot, nº 5 e 7*

*Yamaha Clarinet Duets, páxina 20*

*La Clarinette Classique (vol. A), nº 11, 12, 14 e 16*

*The Joy of Clarinet, nº 21, e 29*

Terceira avaliación:

*Escalas: Re Maior, si menor e re menor*

*Escala cromática*

*26 Études Elementaires de Lancelot, nº 8 e 13*

*Yamaha Clarinet Duets, páxina 19*

*La Clarinette Classique (vol. A), nº 18, 20, 21 e 25*

*The Joy of Clarinet, nº 38, e 40*

**Criterios de avaliación:**

*Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual (dedicación, esforzo, interese, etc.).*

**Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## 9.3 CURSO TERCEIRO

**Obxectivos:**

Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi*<sub>2</sub> ata o *Mi*<sub>5</sub>

Dominar escalas maiores e menores, natural e harmónica ata catro alteracións, en diferentes alturas e articulacións.

Perfeccionar o sentido da afinación na interpretación individual e en grupo.

Interpretar os textos musicais perfeccionando aspectos básicos como emisións, articulacións e fraseo .

Obter hábitos de estudo, utilizando as técnicas traballadas e a capacidade de autocontrol e autocrítica.

Coñecer a evolución histórica do clarinete e a súa familia.

**Contidos:***Conceptuais*

Coñecemento histórico e conceptual do instrumento.

*Procedimentais*

Perfeccionamento da respiración.

Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores ata catro alteracións.

Perfeccionamento na emisión de sons, a coordinación de aspectos técnicos, distintas articulacións, etc.

Traballo sobre estudos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos ó repertorio.

Interpretación dun pequeno repertorio variado en estilo.

Interpretación na práctica de grupo con simultaneidade de fraseo e ritmos.

Adquisición de criterios e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas que presente o repertorio.

**Actitudinais**

Interese polo estudo do clarinete e da música en xeral.

Interese polas manifestacións musicais como concertos, cursos, gravacións, etc.

**Recursos:**

26 <i>Études Elementaires</i> .....	Jacques Lancelot
25 <i>Études faciles et progressives</i> .....	Jacques Lancelot
24 <i>Instructional Duets in Progressive Order, Op. 200</i> .....	Joseph Küffner
<i>La Clarinette Classique (vol. B)</i> .....	J. Lancelot et H. Classens
<i>Pastourelle</i> .....	M. Delgiudice
<i>Divertimento nº 1</i> .....	W. A. Mozart

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Do M, la m, Fa M, re m, Mib M, do m e La M*

*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 100 M.M.*

*26 Études Elementaires de Lancelot, nº 16 e 21*

*24 Duos de Küffner, nº 11*

*La Clarinette Classique (vol. B), nº 3, 6, 9 e 16*

Segunda avaliación:

*Escalas: Sol M, mi m, Sib M, sol m, fa# m, Lab M e fa m*

*Escala cromática*

*25 Études faciles et progressives de Lancelot, nº 5 e 7*

*24 Dúos de Küffner, nº 15*

*Pastourelle de Delgiudice*

Terceira avaliación:

*Escalas: Re M, si m, Mi M e do# m*

*Escala cromática*

*25 Études faciles et progressives de Lancelot, nº 12 e 19*

*24 Dúos de Küffner, nº 23*

*Divertimento nº 1 de Mozart*

**Criterios de avaliación:**

*Valoración das capacidades auditivas, rítmicas e a actitude ante o estudo.*

**Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## 9.4 CURSO CUARTO

**Obxectivos:**

Dominar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi<sub>2</sub>* ata o *Fa<sub>5</sub>*

Dominar escalas maiores e menores, naturais e harmónicas en todas as tonalidades, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

Perfeccionar o sentido da afinación e musicalidade na interpretación individual e en grupo.

Interpretar algúns textos musicais, perfeccionando aspectos básicos como emisión e fraseo a través dunha análise formal e estilístico.

Desenvolver hábitos de estudo, utilizando as técnicas traballadas e a capacidade de autocontrol e autocrítica.

Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

**Contidos:**

*Conceptuais*

Coñecemento da estrutura de pequenas formas como o minuetto, rondó, etc.

*Procedimentais*

Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores en todas as tonalidades.

Perfeccionamento na emisión de sons, a coordinación de aspectos técnicos e distintas articulacións.

Interpretar un repertorio básico que inclúa obras de épocas e estilos distintos.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos á interpretación.

Interpretación en grupo perfeccionando a afinación e musicalidade.

Aplicación de criterios propios para resolver distintas cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.

*Actitudinais*

Interese polo estudo do clarinete e da música en xeral.

Interese polas manifestacións musicais como concertos, cursos, gravacións, etc.

Mostrar inquietude por ampliar o coñecemento do clarinete.

**Recursos:**

<i>33 Études assez faciles (vol. 1º)</i> .....	<i>Jacques Lancelot</i>
<i>La Clarinette Classique (vol. C)</i> .....	<i>J. Lancelot et H. Classens</i>
<i>Six Duos</i> .....	<i>F. Devienne</i>
<i>Sonata nº 1</i> .....	<i>J. X. Lefèvre</i>
<i>Divertimento nº 2</i> .....	<i>W. A. Mozart</i>

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Do M, la m, Fa M, re m, Sol M, mi m, Sib M, Reb M e sib m*

*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 60 M.M.*

*33 Études assez faciles de Lancelot, nº 4 e 5*

*Six Duos de Devienne, nº 1*

*La Clarinette Classique (vol. C), nº 3, 6, 10, 12 e 15*

Segunda avaliación:

*Escalas: sol m, Re M, si m, Mib M, do m, La M, Si M e sol# m*

*Escala cromática*

*33 Études assez faciles de Lancelot, nº 6 e 10*

*Six Duos de Devienne, nº 4*

*La Clarinette Classique (vol. C), nº 18 e 19*

*Sonata nº 1 de Lefèvre*

Terceira avaliación:

*Escalas: fa# m, Lab M, fa m, Mi M, do# m, Fa# M e re# m*

*Escala cromática*

*33 Études assez faciles de Lancelot, nº 11 e 13*

*Six Duos de Devienne, nº 2*

*Divertimento nº 2 de Mozart*

**Criterios de avaliación:**

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

**Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## 10. GRAO PROFESIONAL

### 10.1 CURSO PRIMEIRO

#### Obxectivos:

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.  
Dominar escalas maiores e menores, naturais e harmónicas, en diferentes alturas e articulacións controlando a emisión e a afinación.  
Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *Sol5*  
Profundizar no coñecemento e dominio das técnicas de estudo e análise (formal, estilístico e técnico) e sistematización do propio traballo.  
Interpretar un repertorio básico, que inclúa obras de épocas e estilos distintos.  
Dominar a técnica e o mecanismo propio do instrumento.  
Mostrar interese polas actividades e manifestacións musicais relacionadas co clarinete.  
Resolver os problemas das lingüetas e outros aspectos mecánicos do clarinete.  
Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

#### Contidos:

##### *Conceptuais*

Coñecemento conceptual do clarinete e do seu mantemento.

Coñecemento para corrixir e adecuar as canas.

##### *Procedimentais*

Práctica de escalas, arpxos, terceiras das tonalidades maiores e menores.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Aplicación correcta dos aspectos mecánicos e técnicos á interpretación.

Traballo dun repertorio básico, pero amplo do instrumento, que inclúa obras de épocas e estilos distintos.

Criterio persoal na toma de decisións que afecten á interpretación.

##### *Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais, relacionadas coa materia.

Hábito de traballo persoal e autocrítico, e vontade de superación persoal.

#### Recursos:

<i>21 Caprichos</i> .....	<i>V. Gambaro</i>
<i>Passage Studies (vol. 1º)</i> .....	<i>Frederick Thurston</i>
<i>Duo for Two Clarinets</i> .....	<i>Anton Stadler</i>
<i>Adagio</i> .....	<i>H. J. Baermann</i>
<i>Four Short Pieces</i> .....	<i>H. Ferguson</i>

#### Temporalización dos contidos:

Primeira avaliación:

*Escalas: Do Maior e sib menor*

*Arpxos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*



*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 60 M.M.*

*21 Caprichos de Gambaro, nº 2*

*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 1*

*Adagio de Baermann*

Segunda avaliación:

*Escalas: La Maior e do# menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*21 Caprichos de Gambaro, nº.: 5*

*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 2*

*Dúo de Stadler*

Terceira avaliación:

*Escalas: Sol Maior e fa menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*21 Caprichos de Gambaro, nº.: 6*

*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 6*

*Four Short Pieces de Ferguson*

### **Criterios de avaliación:**

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

### **Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

### **Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## **10.2 CURSO SEGUNDO**

### **Obxectivos:**

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar escalas, arpexos, terceiras das tonalidades maiores e menores, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *Sol5*

Conseguir un son estable e equilibrado en todos os rexistros do clarinete.

Comprender a través da análise musical o repertorio traballado.

Interpretar un repertorio, demostrando dominio do ritmo, articulación, musicalidade e afinación correctos.  
 Perfeccionar a lectura a primeira vista e a memorización.  
 Mostrar interese polas actividades e manifestacións musicais.  
 Resolver problemas mecánicos do instrumento: zapatillas, múelles, etc.  
 Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

**Contidos:**

*Conceptuais*

Coñecemento para solucionar problemas mecánicos do clarinete.  
 Coñecemento dalgúns feitos acústicos.

*Procedimentais*

Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores.  
 Traballo de estudos específicos que permitan solucionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.  
 Proxección e calidade do son; estabilidade na afinación e control das dinámicas.  
 Traballo dun repertorio básico pero amplo do instrumento, que inclúa obras de épocas e estilos distintos.  
 Lectura a primeira vista aplicada a repertorio de estilos diversos.  
 Desenvolvemento das técnicas e capacidade de memorización.

*Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais, relacionadas coa materia.  
 Hábito de traballo persoal e autocrítico e vontade de superación persoal.

**Recursos:**

<i>21 Caprichos</i> .....	<i>V. Gambaro</i>
<i>Passage Studies (vol. 1º)</i> .....	<i>Frederick Thurston</i>
<i>Six Duos Op. 5, nº. 1 - 3</i> .....	<i>M. Yost</i>
<i>Concerto nº 3</i> .....	<i>J. M. Molter</i>
<i>Concerto nº 3</i> .....	<i>C. Stamitz</i>
<i>Sonata for Clarinet and Piano</i> .....	<i>J. Wanhal</i>

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Re Maior, la menor e Mi Maior*  
*Arpejos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escalas cromática*  
*Velocidade das escalas: q = 66 M.M.*  
*21 Caprichos de Gambaro, nº.: 9*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 4*  
*Dúo nº 1 de Yost, mov. 1º*  
*Concerto nº 3 de Molter*

Segunda avaliación:

*Escalas: fa# menor, Si Maior e re # menor*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*21 Caprichos de Gambaro, nº.: 15*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 9*  
*Dúo nº 2 de Yost, mov. 1º*  
*Concerto nº 3 de Stamitz*

Terceira avaliación:

*Escalas: Fa Maior e sol# menor*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*21 Caprichos de Gambaro, nº 21*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 15*  
*Dúo nº 3 de Yost, mov. 1º*  
*Sonata de Wanhal*

**Criterios de avaliación:**

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

**Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## 10.3 CURSO TERCEIRO

**Obxectivos:**

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar escalas, arpexos, terceiras das tonalidades maiores e menores, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *La5*

Ter un dominio suficiente dos aspectos técnicos que permitan unha interpretación correcta.

Interpretar un repertorio con corrección, segundo a época, estilo e carácter.

Perfeccionar a lectura a primeira vista e a memorización.

Interpretar en público, con calidade artística e capacidade comunicativa.

Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

**Contidos:***Conceptuais*

Coñecemento do repertorio de clarinete na música de cámara.

Coñecemento dalgúns feitos acústicos.

*Procedimentais*

Práctica de escalas, arpexos, terceiras das tonalidades maiores e menores.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar e perfeccionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Proxección e calidade do son, estabilidade na afinación e control das dinámicas.

Traballo dun repertorio básico que inclúa obras de épocas e estilos distintos.

Lectura a primeira vista aplicada ó repertorio.

Desenvolvemento da memorización.

*Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais, relacionadas coa materia.

Hábito de traballo persoal e autocrítico e vontade de superación persoal.

**Recursos:**

<i>Passage Studies (vol. 1º e 2º)</i> .....	<i>Frederick Thurston</i>
<i>Six Duets (vol.n 1º) nº 1 – 3</i> .....	<i>J. J. Pleyel</i>
<i>Concerto, Op. 36</i> .....	<i>F. V. Krommer</i>
<i>Concertino, Op. 26</i> .....	<i>C. M. von Weber</i>
<i>Phantasiestücke, Op. 43</i> .....	<i>N. W. Gade</i>

**Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Sib Maior, do menor, Fa# Maior e mi menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 72 M.M.*

*Passage Studies de Thurston (vol. 1º), nº 17*

*Passage Studies de Thurston (vol. 2º), nº 1*

*Concerto de Krommer*

Segunda avaliación:

*Escalas: Mib Maior, re menor e Lab Maior*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*Passage Studies de Thurston (vol. 2º), nº 2 e 3*

*Dúo nº 2 de Pleyel, mov. 1º*

*Concertino de Weber*

Terceira avaliación:

*Escalas: si menor, Reb Maior e sol m*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Disminuida*

*Escala cromática*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 2º), nº 4 e 5*  
*Dúo nº 2 de Pleyel, mov. 2º*  
*Phantasiestücke de Gade*

### **Criterios de avaliación:**

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

### **Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

### **Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## **10.4 CURSO CUARTO**

### **Obxectivos:**

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.  
 Dominar escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.  
 Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *La5*  
 Ter un dominio suficiente dos aspectos técnicos que permitan unha interpretación correcta.  
 Interpretar un repertorio correctamente, segundo a época, estilo e carácter.  
 Conseguir un son estable e equilibrado en todos os rexistros do clarinete.  
 Perfeccionar a lectura a primeira vista e a memorización.  
 Interpretar en público, con calidade artística e capacidade comunicativa.  
 Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

### **Contidos:**

*Conceptuais*  
 Coñecemento do repertorio de clarinete na música de cámara.  
 Coñecemento dalgúns feitos acústicos.  
 Profundizar no coñecemento conceptual, técnico e histórico do instrumento.  
*Procedimentais*  
 Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores.  
 Traballo de estudos específicos que permitan solucionar e perfeccionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.  
 Proxección e calidade do son, estabilidade na afinación e control das dinámicas.

Traballo dun repertorio que inclúa obras de épocas e estilos distintos.

Lectura a primeira vista aplicada ó repertorio.

Desenvolvemento da memorización.

*Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais.

Hábito de traballo persoal e autocrítico e vontade de superación persoal.

### Recursos:

*Passage Studies (vol. 2º e 3º) ..... Frederick Thurston*  
*Duet Based Upon the Sonata in C, KV. 296 ..... W. A. Mozart*  
*Concerto en Sib Maior ..... S. Mercadante*  
*Gran Dúo Concertante, Op. 48 ..... C. M. von Weber*  
*Phantasiestücke, Op. 73 ..... R. Schumann*  
*Sonata, Op. 167 ..... C. Saint-Saëns*

### Temporalización dos contidos:

Primeira avaliación:

*Escalas: Do Maior, sib menor, La Maior e do# menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*Velocidade das escalas: q = 76 M.M.*

*Passage Studies de Thurston (vol. 2º) nº 6 a 8*

*Duet de Mozart, mov. 1º*

*Concerto en Sib de Mercadante*

Segunda avaliación:

*Escalas: Sol Maior, fa menor, Re Maior e la menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*Passage Studies de Thurston (vol. 2º), nº 8 a 14*

*Duet de Mozart, mov. 2º*

*Gran Dúo Concertante de Weber*

Terceira avaliación:

*Escalas: Mi Maior, fa# menor, Si Maior e re# menor*

*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*

*Escala cromática*

*Passage Studies de Thurston (vol. 3º), nº 1 e 2*

*Duet de Mozart, mov. 3º*

*Phantasiestücke de Schumann ou Sonata de Saint-Saëns*

### Criterios de avaliación:

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

**Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## 10.5 CURSO QUINTO

**Obxectivos:**

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

Ter un dominio suficiente dos aspectos técnicos que permitan unha interpretación correcta.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *Do6*

Interpretar un repertorio correctamente, segundo a época, estilo e carácter.

Conseguir un son estable e equilibrado en todos os rexistros do clarinete.

Perfeccionar a lectura a primeira vista e a memorización.

Interpretar en público, con calidade artística e capacidade comunicativa.

Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

**Contidos:***Conceptuais*

Coñecemento do repertorio de clarinete na música de cámara.

Coñecemento dalgúns feitos acústicos.

Profundizar no coñecemento conceptual, técnico e histórico do instrumento.

*Procedimentais*

Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar e perfeccionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Proxección e calidade do son, estabilidade na afinación e control das dinámicas.

Traballo dun repertorio que inclúa obras de época e estilos distintos.

Lectura a primeira vista aplicada ó repertorio.

Desenvolvemento da memorización.

*Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais.

Hábito de traballo persoal e autocrítico e vontade de superación persoal.

**Recursos:**

*Passage Studies (vol. 3º) ..... Frederick Thurston*

*Studio Primo ..... G. Donizetti*

*Hommage à Zoltán Kodály ..... B. Kovács*

<i>Sonate for 2 Clarinets</i> .....	<i>G. Donizetti</i>
<i>Concerto nº 1, Op. 73</i> .....	<i>C. M. von Weber</i>
<i>Concerto nº 2, Op. 74</i> .....	<i>C. M. von Weber</i>
<i>Duo for Clarinet and Piano, Op. 15</i> .....	<i>N. Burgmüller</i>
<i>Monolog 3</i> .....	<i>E. von Koch</i>
<i>Capricho para clarinete solo (1946)</i> .....	<i>H. Sutermeister</i>

### Temporalización dos contidos:

Primeira avaliación:

*Escalas: Fa Maior, do# menor, Sib Maior e do menor*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*Velocidade das escalas: q = 82 M.M.*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 3º), nº 7 e 9*  
*Sonate for 2 Clarinets de Donizetti, mov. 1º*  
*Un dos Concertos de Wéber*

Segunda avaliación:

*Escalas: Fa# Maior, mi menor, Mib Maior e re menor*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 3º), nº 3*  
*Studio Primo de Donizetti*  
*Sonate for 2 Clarinets de Donizetti, mov. 2º*  
*Duo for Clarinet and Piano de Burgmüller*

Terceira avaliación:

*Escalas: Lab Maior, sol menor, Reb Maior e si menor*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 3º) nº 8*  
*Hommage à Kodály*  
*Sonate for 2 Clarinets de Donizetti, mov. 3º*  
*Monolog 3 de Koch ou Capricho de Sutermeister*

### Criterios de avaliación:

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

### Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*



**Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

**10.6 CURSO SEXTO****Obxectivos:**

Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.

Dominar escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores, en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación.

Ter un dominio suficiente dos aspectos técnicos que permitan unha interpretación correcta.

Dominar o rexistro do clarinete que abarca do *Mi2* ata o *Do6*

Interpretar un repertorio correctamente, segundo a época, estilo e carácter.

Conseguir un son estable e equilibrado en todos os rexistros do clarinete.

Perfeccionar a lectura a primeira vista e a memorización.

Interpretar en público, con calidade artística e capacidade comunicativa.

Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.

**Contidos:***Conceptuais*

Coñecemento do repertorio de clarinete na música de cámara.

Coñecemento dalgúns feitos acústicos.

Profundizar no coñecemento conceptual, técnico e histórico do instrumento.

*Procedimentais*

Práctica de escalas, arpejos, terceiras das tonalidades maiores e menores.

Traballo de estudos específicos que permitan solucionar e perfeccionar dificultades mecánicas e técnicas concretas.

Proxección e calidade do son, estabilidade na afinación e control das dinámicas.

Traballo dun repertorio que inclúa obras de época e estilos distintos.

Lectura a primeira vista aplicada ó repertorio.

Desenvolvemento da memorización.

*Actitudinais*

Interese polas manifestacións musicais.

Hábito de traballo persoal e autocrítico e vontade de superación persoal.

**Recursos:**

<i>Passage Studies (vol. 3º)</i> .....	<i>Frederick Thurston</i>
<i>24 Studies in all tonalities, Op. 49</i> .....	<i>R. Stark</i>
<i>Hommage à Johann Sebastian Bach</i> .....	<i>B. Kovács</i>
<i>Hommage à Niccolò Paganini</i> .....	<i>B. Kovács</i>
<i>Dúo nº 1 en Fa Maior</i> .....	<i>B. Crusell</i>
<i>Concerto en La Maior, KV 622</i> .....	<i>W. A. Mozart</i>
<i>Sonata en Fa menor, Op. 120/1</i> .....	<i>J. Brahms</i>
<i>Sonata en Mib Maior, Op. 120/2</i> .....	<i>J. Brahms</i>

*Tres pezas para clarinete solo* ..... I. Strawinsky  
*Hommage à Manuel de Falla* ..... B. Kovács

### **Temporalización dos contidos:**

Primeira avaliación:

*Escalas: Do M, la m, Fa M, re m, Sol M, mi m, Sib M e sol m*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*Velocidade das escalas: q = 90 M.M.*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 3º), nº 4*  
*Hommage à Johann Sebastián Bach*  
*Dúo de Crusell, mov. 1º*  
*Concerto en La Maior de Mozart*

Segunda avaliación:

*Escalas: Re M, si m, Mib M, do m, La M, fa# m, Lab M e fa m*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*Passage Studies de Thurston (vol. 3º), nº 14*  
*24 Studies de Stark, nº 4*  
*Hommage à Niccolò Paganini*  
*Dúo de Crusell, mov. 2º*  
*Unha das Sonatas de Brahms*

Terceira avaliación:

*Escalas: Mi M, do# m, Reb M, sib m, Si M, sol# m, Fa# M e re# m*  
*Arpexos de 7ª de Dominante e 7ª Diminuída*  
*Escala cromática*  
*24 Studies de Stark, nº 9 e 13*  
*Dúo de Crusell, mov. 3º*  
*Tres piezas de Strawinsky ou Hommage à Falla de Kovács*

### **Criterios de avaliación:**

*Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude ante a disciplina.*

### **Requisitos mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva:**

*Todo alumno deberá cumprir na súa totalidade cos contidos e criterios de avaliación establecidos na programación do curso correspondente.*

### **Criterios de recuperación:**

*O alumno que teña suspensa a asignatura de clarinete do curso anterior, deberá recuperar a materia non superada antes de comezar coa materia do curso superior.*

## **11. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

Durante o presente curso destinarase un tempo para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración incluíranse os obxectivos non acadados de cada unha das especialidades.

## **12. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.**

Ao remate de cada trimestre valorarase o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxectivos recollidos polo mesmo. Cada departamento utilizará o sistema máis axeitado para realizar dita valoración.